

¿TÉS VACACIÓNS, DÍAS DE LICENZA OU BONO PENDENTES?



Vacacións. Xa estamos en novembro e dende **CCOO** queremos recordar a toda o personal de BBVA que, antes de que remate o ano, hai que gozar os días de vacacións e de libre disposición que nos queden pendentes. Se non se gozan no ano, pérdense, salvo imposibilidade de coller vacacións a causa de baixas por enfermidade ou por permisos de maternidade e paternidade.

Aínda que o Convenio Colectivo establece como período principal de vacacións o comprendido entre marzo e novembro, o persoal, que así o solicite, pode coller vacacións nos restantes días do ano. As peticións deben ir acorde co Cadro de Vacacións, elaborado e aprobado a principios de ano, pero se cambiaches todo ou parte

das vacacións, grava canto antes os días pendentes, non o deixes para última hora.

O persoal destinado en Canarias, que goce as súas vacacións na península, terá unha ampliación de 5 días naturais no seu período de vacacións, que se poden gozar tanto ao principio coma ao final do período, segundo Conflito Colectivo, presentado e gañado por **CCOO**.

Días de Licenza. Ademais cada empregado e empregada ten dereito a catro días de licenza retribuída por ano natural, que se poden gozar nas datas acordadas, salvando as necesidades do servizo.

De novo, achéganse as festas do Nadal. Para estes días dispoñemos dun día adicional de licenza, a elixir entre o 24 de decembro, o 31 de decembro ou o 5 de xaneiro. Gran parte de nós reservamos algún día para compartilas coas nosas familias.

Como sempre, os equipos de cada oficina ou departamento, aplicando o sentido común, póñense de acordo para compatibilizar o desfrute deses días coa axeitada prestación de servizos.

Non é necesaria a súa xustificación e non existe ningunha razón para que non sexan autorizados, por parte do Banco. Se houbese dificultade no día solicitado, debe argumentarse o motivo da denegación. Se tes algún problema para collelos, ponte en contacto con calquera delegado ou delegada de **CCOO**.

CCOO somos a garantía de que todo se desenvolva con normalidade, o que implica atender as razoables peticións, mantendo un bo ambiente de traballo. Para iso, hai que solicitar, a través do Intranet e canto antes mellor, as datas que vos interesan.

Bono-hotel. Un último recordatorio, antes de fin de ano, os beneficiarios do Programa de Apartamentos e Bonos 2014, tedes que cambiar os bonos pendentes en Barceló Viajes, xa que caducarán o próximo 31 de decembro, podendo cambiarse na súa totalidade ou de forma parcial. Se tes algunha dúbida ou consulta, contacta cos nosos delegados na Comisión de Apartamentos e Bonos,

Encarna Gómez
José Luis Jiménez
Santiago Pons
Sergi Delgado

Tel. 629 961 138
Tel. 652 687 540
Tel. 965 148 263
Tel. 933 760 416

encarnacion.gomez@comfia.ccoo.es
jiberrocal@comfia.ccoo.es
santiago.pons@comfia.ccoo.es
sergio.delgado@grupobbva.com

Novembro 2014